

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDAD Y LA CONFEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ORGANIZACIONES DE MAYORES (CEOMA) PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD Y PREVENCIÓN EN LAS PERSONAS MAYORES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade formalizou, o día 08 de outubro de 2024, coa Confederación Española de Organizaciones de Mayores (CEOMA) o instrumento convencional arriba referido, que ten unha vixencia de 4 anos, a contar desde o día seguinte ao da súa sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que o presente convenio marco ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as partes asinantes, para a realización de actividades conxuntas para o fomento da saúde das persoas maiores e prevención de enfermidades, ademais de promover os beneficios dun envellecemento activo e saudable na sociedade.

Na implementación do presente convenio as entidades asinantes actuarán de acordo aos seus regulamentos e normativa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, ten entre as súas funcións a protección e promoción da saúde e a prevención da enfermidade da cidadanía galega, e concretamente promover o envellecemento activo e saudable.

A Lei 14/1986, de 25 de abril, xeneral de sanidade obriga ás administracións públicas sanitarias a orientar as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.

Que a Confederación Española de Organizaciones de Maiores (CEOMA) é unha organización de carácter confederativo e intersectorial, de ámbito nacional, autonómico, provincial e local, constituída para o servizo, a coordinación o fomento e a defensa dos intereses das persoas maiores, para o que esta dotada de personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Que CEOMA é membro fundador e asume a portavocía do Movemento a Véllez Vitais, movemento asociativo que ten como obxectivo principal a colaboración coas administracións para a promoción da saúde e a prevención de enfermidades as persoas maiores.

Dada a natureza das dúas organizacións, ambas entenden que teñen os seguintes intereses compartidos que xustifican o traballo conxunto coordinado en Galicia:

- Promoción da saúde a través da actividade física e o deporte, da alimentación equilibrada, da hixiene do sono e o benestar emocional para un envellecemento activo e saudable.
- Fomento da participación das persoas maiores nos programas de cribado poboacional, nos programas de detección precoz de enfermidades, en campañas de vacinación e outras campañas específicas que se desenvolvan.
- Prevención da enfermidade, a fragilidade e o fomento da autonomía persoal de persoas maiores.

Coa firma do presente convenio, búscase chegar á cidadanía galega de maior idade a través da sociedade civil e establecer sistemas de traballo pensados especificamente para este colectivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

